

## TRADUCCIÓN DE TEXTOS LITERARIOS VS. TEXTOS CIENTÍFICOS<sup>1</sup>

Fernando Pérez-Barreiro Nolla

Aínda que ese "vs" que aparece no título da miña comunicación poida dar idea de oposición ou enfrontamento, voume ocupar máis de semellanzas ca de diferencias entre as dúas modalidades de tradución de que se trata. E voume apoiar en motivos máis ou menos teóricos e máis ou menos prácticos. Digo "máis ou menos" porque non quero introducir unha dicotomía máis -teoría e práctica- entre as que penso criticar.

Para comezar polo máis concreto vou acudir a unha experiencia docente que tal vez fose a que me trouxo á consciencia o fondo deste problema. Neste últimos anos, despois de moitos de tradución profesional en organismos internacionais e tradución literaria ó galego fóra deles, ensinei varios anos en cursos de posgrao en tradución en universidades de Londres, e a alumnos da licenciatura de tradución na de Granada. Os alumnos e alumnas de posgrao eran licenciados españois e latinoamericanos. Eu tiña que ensinalles, na maior parte dos casos, a traducir textos técnicos, xurídicos e económicos. Ese tipo de ensino está na moda, dictado pola preocupación "práctica" de forma-los estudantes no que demandan a economía e a sociedade de hoxe. Comecei por tratar de cuestións terminolóxicas, sempre traballando sobre textos concretos, procedentes case sempre de publicacións especializadas ou dos arquivos dos meus anos de traballo. Pensaba que era o que precisaban os meus oíntes para poder lidar con ese xénero de textos. Non demorei moito en convencerme de que non era así. Abondou con ve-las traducións dos meus alumnos, as preguntas que me facían e os problemas con que tropezaban e para os que pedían a miña axuda. O caso é que me encontrei un día explicándolles cómo había que facer para redactar con claridade na lingua de chegada, que era o castelán, a lingua materna deles. O que pasaba eran dúas cousas: unha, moi básica,

1. Este traballo foi presentado no IV Simposio Galego de Tradución "Traducir ciencia ó galego", celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, os días 14 e 15 de decembro de 2000.

que non lles ensinaran ou non aprenderan a expresarse por escrito; outra, que non aprenderan tradución "literaria", como eles lle chamaban. Había, si, cursos desa tradución, pero non lles parecían necesarios ós que querían ser tradutores técnicos. Vin aí que había unha habilidade e capacidade de tradución fundamental, que era simplemente a de entender con tódalas súas implicacións e matizacións, un texto na lingua de orixe, e saber redactar na lingua de chegada un texto claro e correcto. E que, sabendo facer iso, que non é fácil nin moito menos, podía empezar a outra tarefa de lidar con textos especializados. Os resultados foron bastante satisfactorios, máis que nada porque as traducións que facíamos ó remate do curso soaban máis naturais, calquera que fose o asunto, e por conseguinte eran máis "comunicativas". Dise moito que o que importa é comunicar, e parece que iso non ten nada que ver coa claridade. Un curioso concepto da literatura como ornamentación está tras diso. En canto nos decatamos de que o literario é unha maneira máis precisa de reflectir a complexidade da realidade, vemos que a claridade é sempre a meta. A complexidade pode ser emocional, social, económica, xurídica, científica, o que sexa, pero ten que queda-lo mellor expresada posible no texto que o traductor produce como remate da súa tarefa.

Como é frecuente cando se comeza a artellar unha reflexión científica, ou con pretensións científicas, sobre unha actividade humana desprovista deica entón de reflexións dese xénero, as dicotomías son un poderoso instrumento analítico de utilidade innegable para ese labor. A teoría da tradución está inzada desde os seus comezos desas parellas conceptuais, e algunhas delas chegaron a botar raíces moi fondas na imaxe popular do noso traballo. Pregúntannos moitas veces se unha tradución que fixemos ou imos facer é "literal" ou "libre", por exemplo. É curioso que o segundo termo desa parella, o que se contrapón a "literal" aparece ás veces como "literaria". E non deixa de ser interesante -e atinado- que no título desta comunicación (que non é meu, pero que aprobo) se fale de "textos" literarios e científicos, cualificando así os textos e non a tradución, o obxecto e non o proceso. Querese aludir con isto, supño, a un proceso de esencia igual ou moi semellante aplicado a obxectos diferentes, e todo o segredo do éxito do traballo asentará nas matizacións e precisións que esa diferenza de obxectos imponen, e que poden ser moitas e moi importantes. Pensemos no músico executante e en cómo adapta a súa técnica básica ó que del existen partituras que veñen de mundos emocionais e intelectuais e con formas expresivas que non poden ser máis diferentes.

Outra dicotomía, máis elaborada pero moi semellante, é a que opón "denotación" e "connotación" como tipos extremos de caracterización da tradución de textos científicos e de textos literarios, respectivamente. Recoñécese case sempre que estes son tipos ou modelos ideais, weberianos, e que cabe un espectro moi amplo de gradacións entre eles, cando os utilizamos na realidade.

Dise, neses termos, que a denotación é característica da tradución científica e a connotación, da literaria. Na primeira, o importante é a designación do contido; na segunda hai que conservar tamén o máis posible tódolos harmónicos e as resonancias que as palabras levan consigo. É difícil non estar de acordo coa distinción. O que pasa é que, fóra da linguaxe estritamente matemática, ou mellor numérica, case non hai expresión que non leve connotacións, incluso en textos científicos. Non só as palabras senón tamén a sintaxe acordan no oínte determinadas asociacións e emotividade. Poderíase pensar que o nome dunha árbore é puramente denotativo; pero preguntóme se será igual, para un lector galego, aínda que sexa dun texto de historia natural, ler "roble" que "carballo". ¿Non haberá de sentirse máis preto do texto e instalado nel con maior naturalidade se está na súa lingua materna? E o simple feito de esta-la obra nunha lingua ou noutra ten xa un valor pola escolla que significa. Se só de entende-la mensaxe se tratase, e se a chamada mensaxe fose tan simple como a presentan algunhas teorías, tanto tería lelo noutra lingua que o lector entenda.

Sempre pensei que as ideas da tradición de Pearce sobre a mensaxe como concepto central na teoría da comunicación e dos signos tivo efectos prexudiciais na aplicación á linguaxe humana, ou, se queremos, á humanidade da linguaxe. É moi útil, sen dúbida, nas aplicacións técnicas, a análise en termos de emisor, mensaxe, medio e receptor, cunha actividade codificadora na primeira parte e outra descodificadora na segunda. Pero a non ser que ampliemos moito o concepto da mensaxe, de maneira que forme parte dela toda a complexidade da acción entre humanos, non adianta moito para os nosos fins. Entre parénteses, preguntéime sempre ónde e en qué está a mensaxe entre a codificación e a descodificación; ónde e en qué vertímo-lo contido antes de codificalo na lingua de chegada. E aínda non atopei resposta. Algunha cousa máis sutil anda no medio de todo isto.

Penso que chegados ó punto en que temos chegado no desenvolvemento deste Simposio, temos todos máis ou menos o convencemento de que a linguaxe da ciencia non é tan aséptica como algúns din. Nace no seo dunha lingua determinada e ten ecos que son propios desa lingua e soan de xeito moi diferente para os que a teñen como lingua materna e para os demais. Pode parecer que isto é menos obvio no caso da maior parte da terminoloxía científica, que ata agora acudía a etimoloxías grecolatinas. Aínda nese caso, respondía a unha comunidade, a dos científicos que nalgúnhas época sabían todos latín e grego, e despois a unha formación cultural xeral humanística que familiarizaba co latín. Aínda así era unha lingua artificial que creaba unha comunidade artificial, a dos científicos. E un feito moi importante é o de que non era materna de ningún deles. O caso do inglés é bastante diferente. A primeira tecnoloxía que non acudiu á tradición grecolatina para o seu léxico é a da informática. Non preciso salienta-la importancia que esta ten. Esa terminoloxía naceu en inglés, nada obxectivamente, con moito enxeño ás veces,

con xogos de palabras divertidos e acertados que nada lles din ós alleos. *Hardware* e *software* dinlle moito a quen ve a cotío ferraxerías ou cerámica, onde hai outras *wares*. Incluso asociacións fonéticas como as de *byte* e *by 8* e outras pérdense fóra de lingua en que naceron. ¿Como separar aquí a denotación da connotación? Deixando o inglés sen traducir, como pode haber que facer e faise de vez en cando, habemos perder sen dúbida as connotacións. Rara vez temos sorte, como cando se trata dunha simple metáfora tal como a do *mouse* e o rato. Non sei se o que perdemos da mensaxe é esencial ou non, pero quedamos á marxe. Para uns a mensaxe é máis completa, amable, divertida ou doada de lembrar que para outros. O creador dá vantaxe á súa comunidade, tal vez con xustiza, pero eso non suprime o noso problema.

A cuestión de se está ameazada ou non a terminoloxía grecolatina merece atención e tamén a da actitude, díganos de política lingüística, que se pode ou debe adoptar ó respecto. Gustaríame oír algunha opinión sobre iso aquí, se houber tempo.

Non hai que esquecer que a idea mesma de linguaxe leva implícito un compoñente de estandarización. Poderíase pensar, con certa razón, que así ocorre aínda máis na linguaxe científica. Algunhas ciencias sociais case que son unha linguaxe organizada. Non faltan escépticos que digan que non son nada máis ca iso. No terreo onde se desenvolve boa parte do meu traballo, que é o da tradución documental, xurídica e económica, é maiormente así. E, con todo, a presenza da comunidade lingüística da que vén ou á que chega o orixinal ou o texto traducido é ben marcada e manifesta aínda nese caso.

Hai moita ilusión na eficacia dunha lingua franca, o inglés case sempre, en situacións en que é necesaria unha comunicación entre persoas de diferentes linguas maternas. Pero quero referirme, aínda que sexa só de paso, a unha situación ben dramática, en que están en xogo vidas humanas e da que teño referencias bastante próximas. Falo das forzas de paz, en Centroamérica ou en Kosovo, por exemplo, nas que resultaron incomprensibles moitas veces para os oficiais sobre o terreo as comunicacións recibidas doutros tamén en terra ou desde un helicóptero. Todas estaban en inglés, e ás veces os que falaban eran alemáns, irlandeses ou hondureños; outras, un galego dun lado e un andaluz do outro. Todos en inglés, claro, pero sei dun caso no que houbo que contratar intérpretes peruanos para que, desde o helicóptero desen instrucións en castelán ós oficiais desa lingua. E aínda así... Outro problema é a dificultade de contratar intérpretes sobre o terreo (os "nativos del lugar", que dicían as vellas ordenanzas españolas), porque se abrían portas a todo xénero de infiltración. Cousa semellante acontece nas operacións de axuda, como as do Programa Mundial de Alimentos, por exemplo, para a complexa actividade de repartir alimentos á poboacións moi dispares, equipos integrados por persoas de moitas linguas. Velái un exemplo práctico de como a lingua comunica mellor no seo dunha comunidade determinada.

Non quero eu chegar, nin moito menos, a extremos whorfianos que xus-

tificarían a imposibilidade da tradución, pero non me parece que poida haber moita dúbida de que a lingua está enraizada nunha comunidade. E iso vale igual, con tódalas diferencias que se queira, tanto para a literaria coma para a técnica ou a científica. Cando hai que traducir, é dicir, cando a ciencia, a técnica ou a terminoloxía utilizada no texto que temos que pasar á nosa lingua non naceu nesta, chegamos, é verdade, un pouco tarde e o traballo non é fácil. Aí é onde o tradutor ten que cumpri-la súa misión de mediador cultural o mellor que saiba e poida. E para iso ten que utilizar tódolos recursos que teña, todo o seu coñecemento de ámbalas linguas e ámbalas culturas, e moi especialmente das de chegada. Por iso é regra nos organismos internacionais que o tradutor traduza de cantas linguas coñeza, dúas polo menos, a súa lingua materna ou equivalente. Esta pode ser materna biolóxica ou materna cultural, por así dicilo, pero o que nunca se fai é traducir á lingua allea, por ben que se coñeza.

Vemos entón con moita claridade, cando estamos inmersos nesa tarefa, que precisamos de tódolos recursos; que o problema non é simplemente lexicográfico ou de nomenclatura, senón tamén sintáctico e de discurso. Por que un toque aquí ou acolá revela un estilo de pensamento que vai achegar ó lector ó texto. Tódolos recursos da retórica, no mellor sentido da palabra (que parece que imos recuperando), do río do discurso e da expresión literaria, en definitiva, son instrumentos do bo tradutor para chegar a boa fin.

"Aclimatación" podería quizais se-la palabra que dese unha idea do que fai o tradutor nestes casos. Os instrumentos poden ser moi diferentes e varían dunhas linguas a outras. Pregúntanme moitas veces cómo fixo e fai o chinés para incorpora-la terminoloxía científica, económica e técnica occidental. Da política non vou falar, porque ten unha historia moi interesante, pero algo diferente, que nos afastaría do camiño que vimos seguindo. Paradoxalmente, os caracteres ou ideogramas son xa unha marca cultural que interioriza o concepto de orixe allea. "Ver" un texto en caracteres é xa estar no mundo chinés, tanto se houbo transliteración, é dicir, se se utilizaron os caracteres polo seu valor fonético para reproducir un son aproximado ó do orixinal, como se houbo combinación de caracteres de contido semántico correspondente ó daquel. Mesmo nas transliteracións, hai certa intención de utilizar caracteres que non sexan desagradables, ridículos ou groseiros. Ás veces xúntanse os dous procedementos; o caso máis coñecido é seguramente o da coca-cola, nome que se transliterou como *kekou kele*, pero que ó mesmo tempo dá a idea de que cando se leva á boca dá pracer. Non temos en galego ideogramas, pero sabemos que hai xeitos de aclimatar tamén na nosa lingua e podemos distinguir entre traducións aplicando este criterio.

Vemos, logo, que tamén a tradución da ciencia vai vinculada a unha certa instalación e normalidade da lingua obxectivo. Non lle faltan problemas ó galego nesas dimensións, nin podemos esperar, paréceme, a que se resolvan todos antes de comezar a traducir. Hai certamente un problema de

planificación lingüística, concepto que sempre me asustou un pouco, pero que non cabe dúbida de que pode ser aplicable. O voluntarismo ten moito onde actuar no galego, e xa leva actuado moito, con resultados diversos, pero eu diría que en xeral positivos ou, polo menos, animadores. Ó que non hai que terle medo, no medio da aridez dos plans e as estandarizacións, é á imaxinación. E aquí é onde conviría que tradutores "literarios" aplicasen as súas habilidades a traducir ciencia. Unha proposta concreta que eu traía era a de traducir obras de divulgación ou alta divulgación científica, para ir creando un discurso en galego sobre esas cuestións. Vexo con ledicia que a tarefa está en marcha, e coído que conviría seguir por ese camiño.

Se os tradutores literarios son especialistas en ideas xerais e en imaxinación terán moito que achegar á tradución de ciencia ó galego, porque as características especiais da situación da lingua de chegada está pedindo ás voces esa visión e esa imaxinación.



## Instrumenta

**O problema da adaptación ó galego de cultismos científicos de orixe grega e latina.**

L. Daviña Facal

**Fraseoloxía xurídico-administrativa: Glosario galego, castelán, inglés, alemán.**

M. Docampo Pereira

**Ortografía técnica nos textos franceses (II).**

**As siglas e os acrónimos.**

J. Yuste Frias

**"Presuntos" falsos amigos entre portugués e galego III.**

T. Vidal Figueroa

**Termigal. a terminoloxía científico-técnica en galego.**

M. P. Alvaríño Alvaríño et alii

**Mundialización e lingua: tecnociencia e identidade.**

X. Durán